



# falaRedes

programa de dinamización lingüística

## AS FABAS MÁXICAS

O programa de dinamización lingüística FalaRedes, organizado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por medio da Secretaría Xeral de Política Lingüística, presenta a actividade As fabas máxicas, que en abril comezará a súa xira polos concellos da Rede de Dinamización Lingüística (RDL) da Xunta de Galicia.

A iniciativa de fomento do galego inclúe este ano 150 propostas lúdicas a través dun total de cinco actividades que buscan promover o uso e valoración positiva da lingua de Galicia, especialmente entre a infancia e a mocidade, enchendo o seu tempo de lecer con actividades de calidade no noso idioma.

Logo de botar a andar en marzo co concerto infantil-familiar Toc Toc, a terceira edición de FalaRedes amplía a súa programación coa peza de teatro As fabas máxicas, tamén dirixida ao público familiar, nomeadamente á xente miúda, e co galego como lingua. Neste espectáculo, contado en primeira persoa a través da dramaturxia de autor e de monicreques, Caramuxo Teatro achéganos unha nova versión do coñecido conto infantil Xan e as fabas máxicas.

Tras criarse na aldea con súa avoa, Xan vive de adulto nun apartamento de Nova York. Un día, coidando as plantas da súa terraza, descobre algo que lle fai lembrar unha infancia chea de aventuras.


Dirixida a nenos e nenas a partir de 4 anos, o obxectivo desta segunda proposta de FalaRedes é que a cativada se achegue ao teatro en galego por medio dunha obra de coidada estética na que o humor, a emoción e a palabra van da man.

As fabas máxicas chegará entre abril e setembro a 28 vilas pertencentes á RDL coa colaboración da Deputación da Coruña en municipios da súa competencia territorial. Coma sempre en FalaRedes, a entrada é libre e de balde ata completar a capacidade das salas. Toda a información sobre FalaRedes 2014 estará dispoñible no web da Secretaría Xeral de Política Lingüística [www.xunta.es/linguagalega/falaredes\\_2014](http://www.xunta.es/linguagalega/falaredes_2014) e tamén nas redes sociais.



Cartel e bosquexos deseñados por Carlos Comendador

 @Falaredes

 Programa Falaredes

# AS FABAS MÁXICAS



## ABRIL

- Sábado 12: **Betanzos**, na Aula de Cultura Xulio Cuns, ás 18:30 h  
Domingo 13: **Arzúa**, na Casa da Cultura, ás 18:00 h  
Sábado 26: **Fene**, na Casa da Cultura, ás 12:00 h  
Domingo 27: **Boimorto**, na Casa da Cultura, ás 17:30 h

## MAIO

- Xoves 1: **Lourenzá**, no salón de actos do Concello, ás 18:00 h (coa colaboración da **Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense**)  
Sábado 3: **Cerceda**, no Auditorio Municipal, ás 18:00 h  
Domingo 4: **Corcubiión**, na Casa da Cultura, ás 12:30 h (coa colaboración da **Mancomunidade de Fisterra**)  
Domingo 11: **O Rosal**, no Auditorio Municipal, ás 18:00 h  
Venres 16: **Xove**, no salón de actos do Centro Cívico, ás 12:00 h  
Sábado 17: **Ordes**, no auditorio da Casa da Cultura, ás 11:30 h  
Domingo 18: **Brión**, no Centro Social Polivalente, ás 12:30 h  
Sábado 24: **Val do Dubra**, no Auditorio Municipal, ás 19:00 h  
Domingo 25: **Noia**, na Sociedade Liceo, ás 19:30 h  
Sábado 31: **A Pobra do Caramiñal**, na Casa da Cultura Raquel Fernández Soler, ás 18:00 h (coa colaboración da **Mancomunidade Ría de Arousa-Zona Norte**)

## XUÑO

- Domingo 1: **Vilalba**, no Auditorio Carmen Estévez, ás 18:00 h  
Domingo 8: **Celanova**, no Auditorio Municipal Ilduara, ás 18:00 h (coa colaboración da **Mancomunidade Terras de Celanova**)  
Sábado 14: **Tui**, no Edificio Área Panorámica, ás 12:30 h  
Domingo 15: **Lalín**, no Auditorio Municipal, ás 18:00 h  
Sábado 21: **Ponteceso**, no edificio das escolas, ás 20:00 h  
Domingo 22: **A Veiga**, no salón de conferencias O Toural, ás 18:00 h  
Sábado 28: **Cee**, no salón de actos do Concello, ás 12:00 h  
Domingo 29: **Pontedeume**, na Casa da Cultura, ás 12:00 h

## SETEMBRO

- Venres 19: **Cabana de Bergantiños**, no Auditorio Municipal, ás 10:30 h  
Sábado 20: **Outes**, no Auditorio Municipal, ás 19:00 h  
Domingo 21: **Santiago de Compostela**, na Sala Mozart do Auditorio de Galicia, ás 12:30 h  
Venres 26: **Curtis**, no Edificio de Usos Múltiples de Teixeira, ás 18:00 h  
Sábado 27: **Dumbría**, no Auditorio, ás 17:00 h  
Domingo 28: **Toques**, no Albergue do Concello (antiga escola), ás 11:30 h